

Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Micromitos 093: De fillos ingratos

Un mito universal que se repite por toda a xeografía galega. É relativamente frecuente escoitar relatos que contan como os nosos devanceiros abandonaban no monte ou nun asilo a vellas e vellos para que morresen de fame ou comestos polas feras.

Afortunadamente, estas historias soen conter detalles humanitarios —como ofrecerlles unha manta de abrigo— e culminan cunha decisión civilizada; grazas á estratexia do maior, o fillo ingrato cambia de parecer.

F. Bouza-Brey, que o consideraba un tipo de eutanasia, B. Aparicio e R. Quintía, entre outros investigadores, trataron o tema en profundidade. Poñamos de exemplo este tirado de *Contos populares da provincia de Lugo*.

A nora veña encerrar no marido, falándolle mal do pai ata que o convence para que o leve ao asilo. Cando ían de camiño, ao faceren unha paradiña para descansar dixo o vello: Como son as cousas! Nesta pedra tamén sentou meu pai cando o levei eu a el!

Entón o fillo entendeu, pensou que o día de mañá tamén el sería tratado así polo seu propio fillo. Non se falou máis. Desandaron o camiño e trataron o vello a corpo de rei ata que morreu.

Serie: [Micromitos](#)

Publicación: *Nós Diario*, 9 de xaneiro de 2021.